

Proposta de adjudicación relativa á contratación administrativa para a subministración de gas natural mediante procedemento aberto.

Con data de 18 de novembro de 2014, a Mesa do Parlamento, aprobou os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas da contratación administrativa para a subministración de gas natural mediante procedemento aberto, mediante tramitación ordinaria e un valor estimado de 94.000,00 €

Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas foron publicados no BOPG núm. 377, de 21 de novembro de 2014; o anuncio de licitación foi publicado no Diario Oficial e Galicia nº 234, de 5 de decembro de 2014.

Rematado o prazo para presentación de ofertas presentaron proposición as seguintes empresas:

- Gas Natural comercializadora, s.a.
- Endesa enerxía, s.a.

Constituída a Mesa de contratación, procedeu ao estudo da documentación presentada polas empresas concorrentes nos sobres "A", comprobando que Endesa Enerxía, s.a.u. presentaba toda a documentación administrativa requirida, e Gas Natural comercializadora, s.a. non acreditaba estar incluída no listado de empresas comercializadoras de gas natural da "Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia, polo que se acordou concederlle un prazo de tres días hábiles para que reparara esta falta de documentación; circunstancia que acreditou mediante correo electrónico do 30 de decembro de 2014.

O 12 de xaneiro celebrouse a sesión pública na que se procedeu á apertura dos sobres "B" de ambas empresas admitidas na contratación; a documentación neles contida foi trasladada ao Servizo de Réxime Interior para a súa valoración, no que se pon de manifesto o seguinte:

Gas Natural Comercializadora, s.a., presenta unha relación de medios persoais postos a disposición do Parlamento; ofrece un curso sobre enerxía+sostenible; pon a disposición o sistema de xestión denominado "Clientes Premium", para a xestión administrativa personalizada, que favorecería unha "interlocución directa, rápida e eficaz", mediante o que denominan o "middle office" e "clientes especiais"; detallan unha serie de servizos de xestión da facturación e acceso á información de consumos inmediato vía on-line mediante unha "oficina virtual", ofertan un curso formato e-learning sobre funcionamento de mercados enerxéticos e sobre a realidade enerxético do cliente. A proposta considérase completa.

Endesa enerxía, s.a.u., presenta un acceso web para usuarios no que poder consultar datos de consumo e información referente aos mercados enerxéticos e como afectan na subministración ao Parlamento; posibilidade de facer un seguimento de consumos e facturación mediante o "listado de facturación". A proposta é menos completa que a da outra oferta.

O informe técnico de avaliación propuxo a atribución da seguinte puntuación, asumida pola Mesa de Contratación:

EMPRESA	Puntuación
Gas Natural comercializadora, s.a	2
Endesa enerxía, s.a.	1

O 21 de xaneiro celebrouse, en sesión pública, a apertura dos sobres "C" de ambas empresas concorrentes; as ofertas das empresas foron as seguintes:

- Gas Natural comercializadora, s.a.

a.- *Termo fixo:* 80,97 €/mes

b.- *Termo enerxía ou variable:*

Coeficientes constantes	
coeficiente A	0
coeficiente B	0
coeficiente C	4,2402
Coeficientes variables	
Data Brent603	108,925
TC303	1,3711
Prezo termo enerxía ou variable	
Prezo termo enerxía ou variable (A + B x Brent) x TC + C	4,2402 c€/Kwh

c.- *Alugueiro equipo de medida:*

Prezo alugueiro equipo de medida	30,00 €/mes
----------------------------------	-------------

- Endesa Energía, s.a.u.

a.- *Termo fixo:* 80,97 €/mes

b.- *Termo enerxía ou variable:*

Coeficientes constantes	
coeficiente A	0,009770
coeficiente B	0,000292
coeficiente C	0,018342
Coeficientes variables	
Data Brent603	105,7400
TC303	0,7544
Prezo termo enerxía ou variable	
Prezo termo enerxía ou variable (A + B x Brent) x TC + C	4,5575 c€/Kwh*

*Sobre o valor do termo de enerxía, Endesa Energía s.a.u. aplica un 7% de desconto adicional, sendo o seu resultado final o prezo do termo variable.

c.- *Alugueiro equipo de medida:*

Prezo alugueiro equipo de medida	25,19 €/mes
----------------------------------	-------------

A documentación contida nos sobres "C" foi trasladada ao Servizo de Réxime Interior para a súa valoración, no que se pon de manifesto o seguinte:

Obsérvese que de resultar adxudicataria a oferta de Gas Natural Comercializadora, s.a, deberá manter durante toda a vixencia de contrato, os coeficientes A e B cun valor 0, independentemente das fluctuacións que sufra o prezo do Data Brent, e o TC €/€, polo tanto o prezo do termo de enerxía ou variable permanecerá inalterable durante toda a execución do contrato.

Segundo o apartado 16 do cadro de especificacións do prego de cláusulas administrativas para a asignación da puntuación ao prezo do termo enerxía ou variable, á oferta máis baixa, expresada en €/kWh, resultado da aplicación dos coeficientes constantes ofertados a fórmula establecida na cláusula segunda do prego, se lle adxudicarán os 90 puntos; ao resto á que proporcionalmente lle corresponda. Polo tanto resulta a atribución da seguinte puntuación:

Prezo do termo variable:		
	Prezo ofertado cts€/kw	Puntuación
Gas Natural Comercializadora, s.a.	4,2402	90,00
Endesa Enerxía, s.a.u	4,5575	64,83

Polo tanto a puntuación total obtida polas empresas concorrentes segundo os criterios de adxudicación do prego de cláusulas administrativas, foi a seguinte:

Empresa	Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	Criterios avaliáveis de forma automática por aplicación de fórmula	Puntuación Total
Gas Natural Comercializadora, s.a.	2	90,00	92,00
Endesa Enerxía, s.a.u	1	64,83	65,83

En base ao exposto e conforme ao establecido na base décimo primeira do prego de cláusulas administrativas a Mesa de Contratación propuxo, e a Mesa do Parlamento de Galicia, logo da fiscalización do Interventor Xeral, acordou, na súa reunión do 9 de febreiro de 2015, o seguinte:

1º Clasificar as ofertas presentadas na seguinte orde.

1º. Gas Natural Comercializadora, s.a.

2º. Endesa Enerxía, s.a.u.

2º Concederlle á empresa que presentou a oferta máis vantaxosa, Gas Natural Comercializadora, s.a., un prazo de dez días hábiles para presentar a documentación esixida na base décimo primeira, apartado 6 do prego de cláusulas administrativas, para proceder á adxudicación do contrato.

Dito Acordo da Mesa do Parlamento foi notificado electronicamente e recibido pola empresa Gas Natural Comercializadora, s.a. o 12 de febreiro de 2015.

O 20 de febreiro a empresa Gas Natural Comercializadora, s.a. presentou no Rexistro da Cámara a documentación requirida (registro nº 33867), incluíndo constitución de garantía definitiva, mediante o aval nº 0182000830878, da entidade Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, s.a. por importe de 2.350,00 €, e o pagamento do anuncio de licitación.

En consecuencia, cumpridos os trámites legais e o requirimento de documentación solicitado, propónse á Mesa do Parlamento de Galicia a adxudicación do contrato administrativo para a subministración de gas natural, á empresa Gas Natural Comercializadora, s.a., polos seguintes importes:

a.- Termo fixo: **80,97 €/mes**

b.- Termo enerxía ou variable:

Coeficientes constantes	
coeficiente A	0
coeficiente B	0
coeficiente C	4,2402
Coeficientes variables	
Data Brent603	108,925
TC303	1,3711
Prezo termo enerxía ou variable	
Prezo termo enerxía ou variable (A + B x Brent) x TC + C	4,2402 c€/Kwh

c.- Alugueiro equipo de medida:


Prezo alugueiro equipo de medida	30,00 €/mes
----------------------------------	--------------------

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2015.

Vº e prace
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior




Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior



Mesa do Parlamento de Galicia